

Alimentación e hábitos saudables desde a infancia 413-1

A información e a formación son ferramentas fundamentais para tomar decisións adecuadas no que respecta á alimentación. Por iso, promovemos unha alimentación que prevén a obesidade infantil e ofrecemos ferramentas formativas a nenos e nenas para que tomen as mellores decisións sobre a súa alimentación de forma consciente e divertida.

Escola de alimentación

Esta iniciativa da Fundación EROSKI, nacida en 2013, ten o obxectivo de fomentar unha alimentación equilibrada e uns hábitos de vida saudables entre a cidadanía e constituir un punto de encontro de profesionais da saúde e da educación, proxenitores, escolares e resto de cidadanía comprometida coa mellora da súa alimentación e estilo de vida.

www.escueladealimentacion.es

Ofrece información actual e de calidade, como resultado do coñecemento científico e das investigacións que desenvolve, avalada por profesionais da saúde. Para o desenvolvemento de todas as súas iniciativas, colaborando tamén con gobernos autonómicos e distintas organizacións relacionadas coa saúde e o consumo responsable.



Programas Educativos en Alimentación e Hábitos Saudables (PEAHS) do Grupo EROSKI

"Energía para crecer", da FUNDACIÓN EROSKI

O programa, implementado pola Fundación EROSKI para facer fronte ás altas taxas de obesidade infantil, conta con 10 unidades didácticas e 3 talleres prácticos que se realizan fóra das aulas (visitas a produtores locais, tendas, e aula de cociña), cuxos contidos foron elaborados por un comité científico formado por profesionais da medicina, nutrición e dietética, psicopedagogía e pedagogía.

energiaparacrecer.escueladealimentacion.es

"Elixe bo, elixe saudable", de CAPRABO

Este programa, posto en marcha en 2008 e dispoñible en formato presencial e online, pretende ensinar aos nenos e nenas, incluíndo os de 2 e 3 anos, a alimentarse de maneira saudable e fomentar uns hábitos de alimentación equilibrada, acompañados dunha persoa profesional da nutrición, ademais de concienciar sobre o desenvolvemento sostible, o consumo responsable ou fame cero, entre outras materias.

Programas educativos de VEGALSA-EROSKI

En Galicia, o noso programa educativo desenvólvese a través dos programas: "Visita o teu súper", para fomentar hábitos de vida saudables e compra responsable; "Matemáticas no teu súper", que realiza unha visita á tenda para que aprendan a realizar a compra; e "Come rico, vive saudable", un proxecto que agrega distintas iniciativas como as "Sannifestas" nos colexios, e que se enmarca dentro do proxecto nacional "Prevención da obesidade. Alixeira a túa vida", liderado pola Sociedade Española para o Estudo da Obesidade (SEEDO).

Indicadores principais dos programas educativos do Grupo EROSKI para o curso 2018/19



VIII Encontro da Escola de Alimentación da Fundación EROSKI

Desde 2009, a Fundación EROSKI promoveu encontros entre profesionais sanitarios e membros da cidadanía con preocupacións e necesidades en materia de saúde. O obxectivo é sempre ofrecer un espazo de reflexión ao redor de asuntos relevantes e actuais relacionados coa saúde da poboación.

En 2019, e baixo o título "Paixón pola vida. O secreto para unha madurez plena e saudable", expertos no ámbito da nutrición, psicoloxía, saúde, socioloxía e actividade física analizaron a importancia da alimentación e dos estilos de vida saudables na etapa da madurez. No marco do evento, a Fundación EROSKI presentou o libro "Paixón pola vida. Guía práctica de estilos de vida saudables na madurez."

Concurso Imagine Food 2019

Por terceiro ano consecutivo, convocamos o Concurso Imagine Food, enmarcado dentro do programa educativo "Energía para Crecer" da Fundación EROSKI, que persegue, mediante a creación de receitas divertidas e saudables nos seus debuxos, concienciar aos pequenos e as súas familias da importancia de levar unha dieta equilibrada e saudable. Nesta terceira edición do concurso contamos coa colaboración de DANONE como parte do seu programa "Alimentando o cambio". Recibíronse máis de 2.800 debuxos de 237 colexios e 91 familias, triplicando a participación do ano anterior.